

ASOCIACIÓN ITÍNERA, VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL

MEMORIA ANUAL
Ano 2007



Data de constitución: 10 de marzo 2005

CIF: G- 15983570

Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma, nº: 2005/008577/1 (SC)

Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar), nº.: O-387

Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar), nº.: AS-1944

Rexistro municipal de Asociacións, nº.: 399 (Concello de Santiago),

1. Introducción	3
2. Presentación.....	4
2.1. Antecedentes	
2.2. Poboación que atende	
2.3. Obxectivos	
2.4. Liñas de actuación	
2.5. Estructura	
3. Programas 2007.....	6
A)Dirixidos a usuarios	
Área de comunicación	
Área educativa	
Área sociocultural	
Área medioambiental	
Área deportiva	
Programa amigo	
Área de apoio as familias	
Piso tutelado	
B)Avaliacion global dos programas de voluntariado	
4. Outras actividades	22

1. INTRODUCCIÓN

A presente Memoria ten por obxecto recoller a actividade levada a cabo pola Asociación Itínera, voluntarios en saúde mental durante o ano 2007, para sometela a aprobación da Asamblea Xeral Ordinaria.

Para facilitar a súa comprensión, na memoria faise unha diferenciación entre os Programas, Programas instrumentais e Actividades.

Os *programas* son aqueles que supoñen unha actuación directa coas persoas con trastorno mental, os *programas instrumentais* son os dirixidos á captación, formación e seguimento dos voluntarios sociais, e, finalmente, as *Actividades* son as actuacións que benefician non só os nosos asociados, senón a sociedade en xeral, actos públicos, campañas de sensibilización, etc

O Exercicio 2007 estivo caracterizado polo mantemento a bo ritmo de tódolos programas e a posta en marcha doutros novos. Un indicador claro de este incremento da actividade foi o aumento no número de usuarios que pasou de 64 no curso 05/06 á 73 no 06/07. Ademais neste ano iniciamos unha colaboración estable co Servizo Galego de Saude mediante a xestión dun piso protexido. Para esta labor foi precisa a contratación dunha profesional mais, que levara a cabo a supervisión do mesmo.

Con esta contratación reforzase a plantilla profesional da asociación contribuíndo a fortalecer a súa estrutura.

Por outra parte, a asociación recibiu un premio da Confederación Española de Agrupaciones de Familiares y Personas con Enfermedad Mental (FEAFES) en recoñecemento á labor desenvolvida ata o momento a favor doas persoas con trastorno mental.

Queda un longo camiño por percorrer para mellorar a calidade de vida dos usuarios de Itínera pero non faltan proxectos novos nin ilusión por levalos a cabo.

A Xunta Directiva agradece cantos apoios recibiu neste período, tanto de voluntarios, como de asociados e institucións públicas e privadas, e propónse continuar traballando co mesmo empeño nos anos vindeiros.

2. PRESENTACIÓN

2.1. ANTECEDENTES

ITÍNERA naceu en Santiago de Compostela froito da experiencia adquirida por un grupo de persoas que desenvolveron programas de voluntariado no Hospital Psiquiátrico de Conxo dende o ano 1993. En marzo do 2005 constitúense como Asociación co ánimo de transcender o Hospital e prestar atención tamén a persoas que, estando na comunidade precisan unha rede activa de apoio que lle procure protección e apoio.

2.2. POBOACIÓN A QUE ATENDE

Persoas que padecen algunha forma de Trastorno Mental Severo (esquizofrenia, cadros esquizoaffectivos, trastorno bipolar...) e que, como consecuencia directa da mesma presentan discapacidade funcional, dificultades adaptativas, malestar subxectivo, illamento, marxinación e estigma social. O seu manexo para a familia e amigos é moi complexo e os síntomas alteran a vida familiar.

Cando carecen de apoio familiar e dos sistemas de protección social desembocan na marxinación e na pobreza.

2.3. OBXECTIVOS

1. Ofrecer oportunidades, no ámbito do ocio, educativo, e da ocupación, ás que non teñen acceso debido a discapacidade se non contan con apoio específico. (principio de igualdade de oportunidades).
2. Favorecer un mellor funcionamento, participación social e calidade de vida.
3. Conectar aos usuarios coa oferta de actividades dirixidas á poboación xeral, actuando como mediadores.
4. Constituír unha célula dentro do tecido social que contribúa a substituír as actitudes de rexeitamento polas de tolerancia e comprensión (loita contra as barreiras ambientais).
5. Apoio a os cuidadores primarios (familiares).

2.4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

1. Modificación do entorno microsocial de convivencia. Crear oportunidades de integración e socialización con apoio dos voluntarios sociais. Tódolos programas que foron encamiñados a tal fin.
2. Lograr vínculos afectivos persoais cos pacientes que os motiven a asistir e participar. A maior dificultade é precisamente lograr que participen. O programa AMIGOS que é transversal a tódolos demais busca precisamente iso.
3. Coordinación cos servizos sociosanitarios públicos, coas asociacións de familiares e afectados, con asociacións de índole cultural, deportivo, para crear unha rede de relacións dos recursos formais e informais que proporcione verdadeira protección e apoio a estes pacientes .

2.5. ESTRUCTURA

NUMERO DE ASOCIADOS A FINAIS DE 2007: 98

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

A composición da Xunta Directiva no ano 2007, coas modificacións aprobadas na última assemblea foi a seguinte:

PRESIDENTA: Lorena Alvite pereira.

VICEPRESIDENTA: M^a Asunción Soneira Soneira

SECRETARIO: Jaime Fraiz Vázquez

TESOUREIRO: Jaime Fraga Ares.

VOCALIS: David Facal Mayo

Antonio do Campo

M^a del Carmen Viz Otero

Número de voluntarios: 40

Número de usuarios: 102

Persoal contratado:

Desde o 1 de agosto de 2006, Carlos Martínez Uzal, contratado a tempo completo para dirixir e coordinar as actividades e garantir a súa permanencia no tempo

Desde o 1 de setembro de 2007, Tamara Vedo Rodríguez, Traballadora Social contratada a tempo parcial pola asociación para realizar a supervisión do piso protexido.

Asesores técnicos:

- M^a Carmen Viz Otero, traballadora social

- Carlos Álvarez García, psicólogo clínico

- Eduardo Paz Silva, médico- psiquiatra

Integrantes da Unidade de Readaptación Psicosocial do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

3. PROGRAMAS 2007

A. PROGRAMAS DIRIXIDOS ÓS USUARIOS

Na lectura desta Memoria pódese observar a variedade de programas e actividades que estan postos en marcha, cun peso cualitativo moi diferente. A razón desta diversidade é, fundamentalmente, a necesidade de responder a enorme heteroxeneidade de perfiles dos usuarios non só no seu diagnostico, sinón no seu nivel de autonomía e funcionamento social, o seu nivel de instrucción, motivación e preferencias, a aínda, da súa sintomatoloxía psicótica que persiste, en moitos casos, a pesar do tratamento farmacolóxico.

Queremos destacar tamén unha característica que enriquece cualitativamente os resultados do noso traballo. Aínda que é evidente que xuridicamente son distintos o *estatus* de voluntario e *estatus* de usuario, na práctica tenden a esvaerse estas diferencias. Por exemplo no programa medioambiental, fútbol e cine participan todos no mesmo rol de traballadores voluntarios, futbolistas ou espectadores. Garántese desta maneira a integración social, e diminúese a resistencia de moitos usuarios a misturarse con persoas con enfermidade mental, derivada dunha imprecisa conciencia de enfermidade.

Os programas que funcionaron ó longo do 2007 son os seguintes:

AREA DE COMUNICACIÓN

Inclúe o programa “**Equipo de redacción**” posto en marcha este ano, que, se encarga da realización do Boletín Oficial de Itínara e da súa web.

1. EQUIPO DE REDACCIÓN

Descrición:

Un grupo de usuarios, coordinado polo responsable de programas, xunto con un voluntario, responsabilízase de dous instrumentos de difusión das actividades da asociación. En primeiro lugar da redacción, composición gráfica, edición e distribución da revista da Asociación, denominada B.O.I. (Boletín Oficial de Itínara) e, en segundo lugar da preparación e mantemento da páxina web. tanto no noso boletín trimestral coma na nosa páxina web.

Para este fin o grupo reúnese semanalmente, durante dúas horas no Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Santiago.

Obxectivos:

- Achegarse ó coñecemento dos modos de expresión escrita e composición gráfica e do mundo editorial.
- Achegarse as novas tecnoloxías da comunicación.
- Fomentar as actitudes de análise e sentido crítico.
- Socialización e participación en actividades de grupo.
- Ocupación do tempo libre en actividades creativas.

Actividades:

a. **Elaboración do B.O.I.** (Boletín Oficial de Itinera). Itinera publica dende o ano 2007 un boletín que recolle as actividades da asociación e a súa percepción por parte dos usuarios e voluntarios. Esta publicación vai dirixida para o público en xeral. O BOI está editado integramente en galego e ten unha periodicidade trimestral.



O número 0 da nosa revista saíu á luz coincidindo co Día Mundial da Saúde Mental

b. **Páxina Web.** O grupo construíu unha web informativa da asociación e os seus programas (www.asociacionitinera.com) coa idea de que vaia crescendo pouco a pouco segun a necesidade.



Desenvolvemento do programa

Para formar o equipo de redacción seleccionáronse usuarios e voluntarios dos diversos programas, moitos deles sen contacto previo entre si. A idea era, non só conformar un novo grupo de traballo que lles axudase a expandir a súa rede social e que tivese a obriga de sacar un número trimestral da revista, senón que internalizasen a importancia e utilidade do seu traballo, para resolver as tarefas e retos que a asociación ten plantexados.

O equipo de redacción seleccionaba os contidos dos artigos, as fotos, a composición de cada páxina e mesmo tomaban decisións na imprenta sobre a calidade de papel, etc. Os voluntarios tiñan un papel secundario.

Ao cabo de tres meses de traballo a revista saíu publicada o Día Mundial da Saúde Mental.

O éxito mais importante foi o reforzo do equipo e a súa reorganización dos distintos roles: fotógrafos, montadores, redactores, correctores de estilo... e que continúan a traballar preparando próximos números.

Un éxito colateral foi o “fichaxe” dun dos compoñentes para colaborar de forma retribuída, como fotógrafo, os actos públicos de FEALES-Galicia (Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos mentais de Galicia).

Lugar e horario de realización

Centro Sociocultural de Fontiñas, de 17 a 19 horas.

Calendario

Desde o 1 de agosto ó 31 de decembro de 2007

Avaliación

EQUIPO DE REDACCIÓN	2007
Número usuarios	9
Número voluntarios	2
Horas semanais compartidas	2

AREA EDUCATIVA

O **Curso de Informática**, con moita tradición na Asociación, e un programa de nova creación, **Curso de introducción a conceptos xurídicos e administrativos**. Asímesmo, inclúese a colaboración da asociación na **Aula de Educación de Adultos do Hospital Psiquiátrico de Conxo**, que foi posta en marcha por un grupo de voluntarios no ano 93.

A realización de actividades educativas pretende dar a oportunidade aos usuarios de complementar a súa formación académica e facilitar a súa formación permanente. Estas actividades lévanse a cabo nos centros socioculturais de Santiago de Compostela e os profesores son voluntarios.

Obxectivos:

- Aprender cousas útiles para a vida.
- Aprender a aprender.
- Mellorar déficits cognitivos (atencionais, mnésicos).
- Axuda a estruturación horaria dos beneficiarios.
- Mellorar o sentido de competencia, a motivación e a autoestima.
- Incorporar ás novas tecnoloxías a persoas sen contacto anterior coa informática.
- Adquisición de habilidades sociais e fomenta-las relacións interpersonais.

A. CLASES DE INFORMÁTICA

Impártense a grupos con distintos niveis. Desde niveis de iniciación no caso de alumnos ingresados no Hospital Psiquiátrico de Conxo ata o manexo de programas máis complexos como ofimática ou creación de webs para alumnos con coñecementos previos.

Lugar e horario de realización

- Centro Sociocultural de Fontiñas, os Martes de 9:00 a 11:00 horas.
- Centro Sociocultural de Conxo, Martes e Mércores de 9:00 a 10:00 da mañan.
- Aula de Informática do Hospital Psiquiátrico de Conxo, os Martes e Xoves, de 17.30 a 19.30 horas.

Calendario

Do 1 de xaneiro á 31 de decembro de 2007.

As clases soen axustarse ao calendario do curso académico.

INFORMÁTICA	2006	2007
Número usuarios	46	42
Número voluntarios	4	3
Horas semanais de clase	6	7

B. CURSO DE INTRODUCCIÓN A CONCEPTOS XURÍDICOS E ADMINISTRATIVOS

É un programa posto en marcha por primeira vez este ano.

Xustificación

Moitos dos usuarios de Itínera, tanto en réxime de tratamento externo como ingresados no Hospital Psiquiátrico solicitaban actividades formativas que lles axudasen a mellorar a súa posición na sociedade xa fora para encontrar un traballo, iniciar novos estudos, requisitos para inscribirse e preparar oposicións, ou información sobre dereitos sociais.

Obxectivos

Facilitar coñecementos básicos, pero rigurosos e actualizados acerca da normativa sobre saúde mental, dereitos e deberes como cidadáns, conceptos básicos sobre ingresos psiquiátricos, incapacitacións, tutelas, funcionamento da administración, prestacións sociais...

Lugar e horario de realización

A actividade realízase no Centro Sociocultural Aurelio Aguirre, os martes de 16.30 a 18.30 horas.

Calendario

Do 1 de setembro ao 31 de decembro de 2007

Avaliación de resultados

A este programa acoden os usuarios con maior nivel de estudos. Hai que destacar que os alumnos presentaron unha gran fidelidade, acudiron puntualmente tódalas semanas, e estudaron na súa casa ou nas bibliotecas da Universidade os temas propostos. O número de alumnos foi crescendo constantemente atraendo a alumnos doutras asociacións e centros de día de saúde mental da cidade.

CONCEPTOS XURIDICOS E ADMIN.	2007
Número usuarios	6
Número voluntarios	2
Horas semanais de clase	2

C. COLABORACIÓN COA AULA DE EDUCACIÓN DE ADULTOS DO HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DE CONXO.

Ao longo de 2007 seguiuase colaborando coa AULA DE EDUCACION DE ADULTOS do Hospital Psiquiátrico de Conxo, coa que esta asociación se sente moi vinculada. No curso académico 2006-2007 colaboraron con esta aula 5 voluntarios.

AREA SOCIOCULTURAL

Inclúe os programas: **Iniciación ao cine, Visitas a museos, Taller de Artes Plásticas e Educación Musical.**

Neles procúrase o aumento do nivel cultural dos participantes así como o desenvolvemento da súa capacidade crítica mediante a realización dunha serie de actividades de corte creativo e de participación grupal.

a. INICIACIÓN AO CINE

Novo programa desde ano 2007.

Descrición da actividade

Semanalmente tivo lugar a proxección dunha película e posterior debate, Tamén coloquios sobre cine, historia e situación actual da industria cinematográfica. Nalgunha sesión proxectáronse películas de produción galega, ou temática relacionada con Galicia. Posteriormente, tiña lugar un coloquio.

Lugar e horario de realización

Centro sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo, os xoves ás 17 horas

Calendario

Do 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2007

INICIACIÓN CINE	2007
Número usuarios	14
Número Voluntarios	3
Nº Horas Semanais Compartidas	3
Nº Películas visionadas	40

b. VISITA A MUSEOS

Organizáronse visitas aos museos da cidade para que tódolos usuarios poideran coñecer os centros culturais da cidade así como a súa programación.

Realizouse unha saída ó mes.

VISITAS A MUSEOS	2007
Número usuarios distintos/ano	9
Número voluntarios	3
Horas semanais compartidas	3
Número de saídas	12
Media usuarios/ saída	5

Calendario

Do 1 de xaneiro ó 31 de decembro

c. TALLER DE ARTES PLÁSTICAS



Obxectivos

- Aprender a interpretar imaxes do entorno social, cultural e natural
- Desenvolver a creatividade individual e grupal.
- Acercarse ó coñecemento dos distintos modos de expresión artística
- Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo
- Coñecer as diversas técnicas e procedementos das artes

- Coñecer diversas técnicas e procedementos da plástica.

Actividades

No taller desenvolvéronse actividades de debuxo técnico, modelado con barro e pintura, así como iniciación ao gravado, modelismo e fotografía. Intercálanse explicacións teóricas.

Lugar e horario de realización

A actividade realízase no Centro Sociocultural de Fontiñas, do Concello de Santiago tódolos xoves, de 9.00 a 11.00 horas.

Calendario

1 de xaneiro á 31 de decembro de 2007.

ARTES PLÁSTICAS	2006	2007
Número Usuarios	9	10
Número Voluntarios	3	2
Horas Semanales Compartidas	2	2

d. TALLER DE EDUCACIÓN MUSICAL

Trátase dunha actividade na que o denominador común é a audición e o uso de determinados instrumentos de percusión, danza, dentro dun marco flexible no que os alumnos se sintan cómodos, gocen da actividade, e se facilite a comunicación, a expresión, a improvisación, etc.

A metodoloxía é de tipo grupal na que se busca a estimulación da creatividade mediante o diálogo musical, perfís de improvisación e a repetición mediante sons. Unha semana ó mes realízanse diversos exercicios con música popular galega, así como unha iniciación ós instrumentos musicais máis senlleiros da nosa tradición.

Lugar e horario de realización

A actividade realízase no Hospital Psiquiátrico de Conxo, en horario de 17.00 a 20.00 horas, tódolos xoves.

EDUCACIÓN MÚSICAL	2007
Número Usuarios	12
Número Voluntarios	2
Horas Semanales de clase	3

Calendario

1 de decembro á 30 de maio de 2007

Avaliación de resultados: Os usuarios consideran que gastar o seu tempo de ocio mellorando a súa formación humanística axudáralles a integrarse na sociedade. De tal xeito esforzánsen en colaborar nas actividades do taller.

ÁREA MEDIOAMBIENTAL

Inclúe o programa de “Educación medioambiental e coidado dun entorno natural”

a. EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL E COIDADADO DUN ENTORNO NATURAL

Descrición do programa:

Consiste na formación de grupos ou cuadrillas de traballo formadas tanto por voluntarios que dedican o seu tempo a axudar a persoas con trastornos mentais severos, como os propios afectados, para limpar e manter coidada unha área boscosa da cidade.

Obxectivos:

- Integración social dos enfermos mentais: xerar un sentimento de pertenza a un grupo e de ser útil a comunidade.
- Ocupar o tempo libre nunha actividade de ocio constructivo.
- Incrementar as oportunidades de socialización e dinamización dos pacientes.
- Incremento de habilidades prelaborais: asistencia, puntualidade, relacións cooperadoras co grupo, distinguir roupa de traballo da de paseo, etc.
- Educación medioambiental e respecto aos valores ecolóxicos.

Actividades

O grupo traballou na limpeza e dignificación dun cemiterio que acollía no pasado falecidos no Hospital Psiquiátrico de Conxo, hoxe clausurado. Participou en obradoiros sobre a fauna e a flora autóctonas de Galicia, así como a denominación popular galega das distintas plantas e animais.

Asimesmo, na casa rectoral de Merza os usuarios trataron de poñer a andar unha horta, sementaron tomate, cebola, patacas, calabacins, etc... si ben o resultado en canto a produción foi un estrepitoso fracaso porque o grupo só acude á casa os fins de semana.

Lugar e horario de realización

A actividade realízase no vello cemiterio do Hospital Psiquiátrico de Conxo, todos os mercores de 17:00 á 19:00 e nas proximidades da Casa Rectoral de Merza, no Concello de Vila de Cruces.

Calendario

1 de xaneiro á 31 decembro de 2007.

Avaliación

PRG MEDIOAMBIENTAL	2006	2007
Número usuarios	12	14
Número voluntarios	2	4
Horas semanais compartidas	3	2



Neste programa trabállase arreo

A esixencia e o nivel de sacrificio que require este traballo fai que os membros desta cuadrilla se contemplan a si mesmos como unha elite dentro da Asociación e os máis capacitados para acadar un emprego.

A pesar da dureza do traballo realizado, e as inclemencias do tempo é o programa con mellor nivel de asistencia.

É tamén destacable a mellora do rendemento e da coordinación dos seus participantes así como a evolución positiva dentro da súa enfermidade. De feito, 5 dos participantes desta actividade chegaron a incorporarse á vida laboral ou retomaron os seus estudos ou oposicións.

É evidente que un resultado tan exitoso non se deriva sómente da participación no grupo de medioambiental senón que é consecuencia da suma de moitos factores: traballo dos profesionais, ambiente familiar, a propia evolución da enfermidade, pero non dubidamos da importancia que este programa ten como un elemento mais dese sumatorio de variables, onde o resultado vai mais alá da suma das partes.

AREA DEPORTIVA

a. EQUIPO DE FÚTBOL



Descrición da actividades

A actividade consiste na realización semanal de entrenamentos de fútbol, así como a posta en práctica do aprendido mediante encontros amistosos con distintos equipos rivais.

Obxectivos

- Mellorar a forma física.
- Incrementa-la rede social informal fora da familia e equipos sanitarios.
- Aumentala capacidade de traballo en equipo (compañeirismo, deportividade, solidariedade...)
- Cubri-lo tempo libre cunha actividade de ocio.
- Incrementa-la súa integración e participación social

Perfil dos usuarios

Dos 20 futbolistas con trastorno mental, 3 están ingresados no Hospital psiquiátrico, 15 viven en familia, e o resto noutro tipo de aloxamento (pisos tutelados, pensións...). Por outra parte, dos 20, 3 mantéñense no equipo desde hai 5 anos, 10 dende hai 2 anos e o resto incorporáronse hai menos de 2 anos.

Avaliación de resultados

O programa continúa superando os resultados previstos tanto no incremento do número de xogadores, como na constancia e perseveranza, no incremento de conductas adaptadas, disciplina (non protestar, non retirarse inxustificadamente do campo de xogo...), asistencia e participación, aseo e hixiene (deben ducharse todos ao final dos adestramentos).

Actualmente, o nivel de esforzo físico, que foi aumentando ó longo das tempadas, é

moi alto. Os xogadores móstranse satisfeitos coa súa mellor condición física, o que inflúe na súa autoestima tanto como o feito de sentirse parte dun excelente equipo que soe gañar tódolos partidos que disputa contra outros equipos de persoas “normalizadas”.

Como novidade destacar que, no mes de Nadal, o equipo recibiu como agasallo dunha persoa anónima, un novo equipamento de cores azul e negro, de excelente calidade e co anagrama de Itínara.

FÚTBOL	2006	2007
Número usuarios	20	20
Número voluntarios	5	10
Horas semanais de entrenamiento	3	3
Nº partidos disputados	-----	4

PROGRAMA AMIGOS (CREACIÓN DE REDE SOCIAL)

Xustificación

As persoas con enfermidades mentais severas perden a súa rede social, as súas amizades e, ademais teñen dificultades para iniciar relacións sociais e mantelas. Si eles teñen esas dificultades outros poden dar o primeiro paso e dedicarlles o seu tempo. Os voluntarios poden facelo. O programa pretende crear as condicións nas que afloren relacións interpersoais o máis parecidas posible a amizade natural que puidera xurdir entre o voluntario e a persoa afectada de TMS. Crear vínculos afectivos favorecedores de benestar persoal. Trata de compensar as desvantaxes derivadas da súa discapacidade para as relacións sociais e evitar o illamento consecuente.

Obxectivos

- Proporcionar compañía e evitar illamento e a marxinación social.
- Ampliar a rede social dos pacientes e incrementar a súa socialización.
- Actuar como mediadores cara a ambientes máis normalizados.
- Incrementar o apoio emocional e instrumental percibido.
- Incrementar súa percepción de benestar (calidade de vida), autoestima e capacidade de afrontamento.

Modalidades

1. Un ou dous voluntarios se asignan como amigos individuais de persoas con TMS., neste caso as actividades, como é lóxico non están preconfiguradas.
É un programa invisible. Carece de tempos e espazos determinados.

2. Grupos para facer redes:

- Grupo do venres para acudir ao cine e logo, a “tomar algo”.

PROGRAMA AMIGOS	2006	2007
Número usuarios	30	21
Número voluntarios	20	22
Horas semanais compartidas	3	3

Calendario

Do 1 de xaneiro á 31 de decembro de 2007.

Avaliación de resultados

O usuarios indican “os voluntarios tiran de min”.

Os *voluntarios amigos* tratan de conectalos con outras actividades da Asociación ou dirixidas a poboación xeral, actúan como mediadores sociais. Como consecuencia directa da acción dos voluntarios os usuarios iniciaron e mantiveron actividades dirixidas a poboación xeral.

Expoñemos un exemplo paradigmático. A voluntaria iba inscribirse nun curso de inglés na Escola de Idiomas da Universidade de Santiago e animou ó seu amigo con TMS a probar sorte con ela. Finalmente foi él o seleccionado e non ela para sorpresa e risa de ambos.

AREA DE APOIO AS FAMILIAS

PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR.

Inicióuse en xullo do 2005 cando lle foi cedida a Asociación a casa rectoral da parroquia de Santamaría de Merza de Vila de Cruces (Pontevedra).

Denomínaselle así os programas **Xornadas Activas Rurais** e os **Campamentos de verán** a través dos cales os usuarios pasan estancias fora da súa casa, e tamén do Hospital, participando en grupo en actividades “tipo campamento”.

a. Xornadas Activas Rurais.

Descrición da actividade

Os sábados e domingos un grupo de usuarios e voluntario, xunto co coordinador de programas acude á Casa rectoral.

Os domingos dedícanse ó sendeirismo e a excursión programadas a diversos lugares de interese histórico ou cultural así como as distintas romarías populares ou exposicións que nos axuden a comprender mellor a realidade do noso país.





As excursións culturais e o sendeirismo e a actividade constante os fins de semán forman parte da rutina da nosa Asociación.

Obxectivos:

1. Incrementa-las súas relacións interpersoais .
2. Incrementa-la rede social informal fora da familia e dos equipos sanitarios.
3. Aumenta-la capacidade de traballo en equipo (compañeirismo, distribución de traballos domésticos, solidariedade...)
4. Respiro para as familias.
5. Incrementa-la percepción de benestar e de goce a través do sentimento de pertenza ao grupo e co contacto coa natureza.



Lugar e horario de realización

Acudiuse tódolos fins de semana excepto os que coincidiron en Nadal. Saída de Santiago o

sábado ás 15:00 e regreso de Merza ás 20:00 do domingo. En dúas ocasións as saídas, realizáronse os venres ás 16:00.

Avaliación de resultados:

Xornadas Activas	2007
Número usuarios distintos	31
Número voluntarios distintos	11
Horas semanais compartidas	30

- Incremento constante do número de usuarios e de voluntarios.
- Incremento do número de organizacións participantes neste programa
- Aumento do número de actividades , excursións e obradoiros realizados

Percíbese gran satisfacción entre os usuarios deste programa.

b. Campamentos de verán temáticos

Descrición do programa:

Durante o mes de agosto a Asociación ITINERA realiza na Casa Rectoral de Merza tres campamentos de verán de corte temático. No ano pasado dedicáronse ao fútbol, a musicoterapia e un obradoiro de cantería en pedra. Para agosto do 2008 a nosa intención e realizar un obradoiro sobre “Xogos populares galegos” que versará dende aprender a xogar á extórnela ata a construción dun papaventos e outro sobre “Cociña típica galega”, onde os rapaces aprenderán a facer dende unha empanada ou fritir pementos de Padrón ata como se cociña o polbo á feira. Estes obradoiros serán impartidos sempre en galego.





Despois dos obradoiros aínda queda tempo para visitar á praia fluvial de Merza, coidar ós animais ou xogar á chave.

CAMPAMENTOS	2007
Número de Campamentos	3
Número de días por Campamento	5
Número usuarios	24
Número Voluntarios	5
Número Monitores	3

Avaliación de resultados : O verán é un período especialmente delicado para as persoas con TMS, xa que se suspenden a maioría das actividades das asociacións que traballan neste ámbito. Os usuarios, ao carecer das actividades ordinarias, quedan moitos días sen saber o que facer e case sempre sós.

Nestes meses, e para cubrir esa carencia, a Asociación Itínera desenvolve tres campamentos de cinco días , cada un deles cun obradoiro ocupacional (cociña, canteiría, xogos tradicionais...) . O número de participantes increméntase de forma significativa pois moitas asociacións derívanos aos seus usuarios.

POSTA EN MARCHA DO PISO TUTELADO

Desde o día 1 de xullo ó 31 de setembro leváronse a cabo os traballos necesarios para encontrar o piso e poñelo a punto: limpeza, reparacións, adquisición de mobiliario. O piso pasou a inspección de Sanidade sin ningún problema. Contratouse a supervisora, Tamara Vedo Rodríguez.

Asimesmo elaborouse o procedemento para a selección dos usuarios e designouse unha comisión para o seguimento e apoio a supervisora do piso.

O día 1 de outubro incorporáronse o piso os tres usuarios de praza permanente e o día 1 de xaneiro o residente de praza de respiro.

Ó longo do tempo transcurrido houbo unha rotación da praza.

O desenvolvemento do programa foi avaliado periodicamente de xeito conxunto pola supervisora e o equipo de seguimento do programa. O mais destacable foi a ausencia de problemas que se pode atribuír a que a selección de usuarios foi adecuada.

Avaliación de resultados

Os resultados conseguidos cos usuarios son moi satisfactorios:

- Darlles resposta ó grave problema de aloxamento e convivencia reflexado nos informes técnicos que acompañan á solicitude.
- Incremento da capacidade para realizar actividades da vida diaria: tarefas doméstica, hixiene persoal. Sen embargo seguen precisando un intenso entrenamiento.
- Incremento da capacidade de afrontamento: sensación subxectiva de ser capaces de facer máis cousas.
- Incremento na capacidade de iniciativa na realización de tarefas como en manter conversas.
- Cumprimento na toma da medicación.
- Un bon nivel de compañeirismo, de cooperación na tarefa común, actitudes de apoio mutuo. Acordos grupais, respectando a decisión da maioría
- Todos os usuarios mantiveron actividades fora do piso, tanto ocupacionais como de ocio no Hospital Psiquiátrico de Conxo, así como nos programas de Itínera.

A petición da supervisora varios membros da Xunta Directiva colaboraron acudindo un día a semana a axudarlles e ensinalles a cociñar platos novos á hora da cea.

B) AVALIACIÓN GLOBAL DOS PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO.

A avaliación global do conxunto dos programas é positiva. Os usuarios da Asociación non só disfrutan dun variado conxunto de actividades senon que entran a formar parte da construción dun tecido social entre os participantes dos diversos programas.

Esto tradúcese en:

- Incremento do número de actividades.
- Aumento do número de usuarios.
- Fidelización dos usuarios cós programas, traducido nunha asistencia regular e maior número de horas adicadas.
- Aumento da demanda de información das nosas actividades nos Hospitais e Centros de saúde
- Maior colaboración con outras asociacións do eido.

Podemos concluír que estamos nunha etapa de crecemento controlado, unha fase onde o aumento dos programas e das colaboracións institucionais responden a unha planificación anterior das mesmas e que teñen como resultado unha maior fortaleza da posición social da Asociación.

IV) OUTRAS ACTIVIDADES


Consideramos estas accións como programas de xestión, é dicir, son tódalas actividades previas de captación, formación de voluntarios, e difusión do traballo da asociación na procura dunha maior eficacia na realización da nosa labor.

-Xornadas de formación de voluntariado da Universidade de Santiago de Compostela:

En novembro do 2007 a Asociación Itínera actúa como poñente do bloque voluntariado e Saúde mental. Estes encontros universitarios funcionan na práctica como xornadas de captación. A través delas tódolos anos se incorporan practicamente a metade dos voluntarios que traballan con nós.

-Xornadas de formación de voluntariado en Saúde Mental:

Para un traballo máis eficaz Itínera forma ós seus voluntarios coa axuda de profesionais do servizos sanitarios do eido da saúde mental mediante cursos específicos nos que se prepara ós voluntarios para un mellor desenvolvemento na súa actividade. Nestas xornadas trátanse tanto os aspectos biolóxicos e psicolóxicos das enfermidades mentais coma a súa problemática social e a eficacia dos programas de voluntariado como ferramenta de recuperación e integración social.



Cartel promocional das Xornadas de Formación

Realizaronse o 16 e 17 de marzo de 2007 . Os temas que se abordaron foron os seguintes:

- Proxección de varias películas relacionadas coa visión social das persoas con trastornos mentais. Cada film contará con comentarios posteriores de distintos profesionais do eido da saúde mental.
- Fundamentos e principios da acción voluntaria. Dereitos e deberes. Regulación legal.
- Impacto da enfermidade mental severa na vida dunha persoa. A discapacidade. Proceso de rehabilitación psicosocial. Dificultades sociais deste colectivo.
- Eficacia e sentido da acción voluntaria neste campo.
- Información sobre a Asociación, institución acolledora: obxectivos, actividades, estilo de funcionamento, etc...
- Realización de distintas dinámicas grupais para favorecer o coñecemento dos voluntarios entre si, os distintos programas e incrementa-lo sentimento de pertenza ó grupo de voluntarios.

-Día mundial da saúde mental (10 de outubro de 2007): Tódolos anos se emíte un comunicado ós medios de comunicación e celébrase unha conferencia para explicar ó conxunto da sociedade a problemática das persoas con enfermidade mental. No ano 2007 este comunicado emitíuse conxuntamente con FEAFES (Confederación Española de Agrupaciones de Familiares y Personas con Enfermedad Mental). Posteriormente colaboramos como ponentes nos actos preparados para ese día pola devandita federación (proxección da película 1% esquizofrenia de J. Medén). Compoñían a Mesa o Presidente de FEAFES-GALICIA, o Xefe do Servicio de Saúde Mental da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade: Fernando Márquez Gallego, un usuario de Itínara: Alfredo Lamas, e un membro da xunta directiva da Asociación Itínara: M^a Carmen Viz Otero.

Día mundial do voluntariado (8 de decembro de 2007): A Asociación remitiu unha declaración a todos os medios de comunicación dirixida a divulgación do labor do voluntariado coas persoas que presentan trastornos mentais severos e a sensibilización da poboación xeral respectos as dificultades destas persoas.